

PLANS DE DESESCALADA

ACTIVIDADE CULTURAL

Na XGL extraordinaria do 22 de maio, a Concellaría de Acción cultural deu conta das pautas a seguir durante o desconfinamento e retorno gradual á actividade que, segundo o documento presentado, ser irán adaptando en función da evolución dos acontecementos e da implantación das diferentes fases de desescalada. Isto comporta que en moitos casos a concreción de medidas quede aberta á normativa vixente en cada momento.

A actividade cultural desenvólvese en varios espazos e equipamentos polo que a análise realizada identificáronse os seguintes grupos:

- Un primeiro grupo integrado polas actividades que se desenvolven en museos e centros de arte. Estes equipamentos caracterízanse por dispor de entradas e saídas controlables, coa posibilidade de limitar o aforo e o acceso en función de reserva previa.
- Outro grupo integrado polas artes escénicas, considerando toda a actividade que se desenvolve no interior dunha sala con escenario e patio de butacas, tanto se é teatro, danza, música, circo, literatura ou cinema.
- E, finalmente, o grupo de actos culturais que se celebran na vía pública, no contexto de festivais e programacións de verán.

Sobre as actividades 'modelo' (visita individual, visita en grupo, actos públicos con aforo limitado), analizáronse as adaptacións necesarias para que fosen compatibles cunha situación de control de contaxios, tendo en conta os seguintes parámetros:

- Perímetro e aforo
- Situación do público
- Protección do público
- Protección de artistas e persoal técnico
- Desinfección e limpeza

Á hora de realizar as actividades culturais, o documento establece as seguintes consideracións:

1. Deberase realizar reserva previa dos aforos dispoñibles. Fomentárase que isto se faga por medios dixitais.
2. Os espazos deberán estar delimitados, con fluxos de público e controlado por persoal de acomodación ou control.
3. Os aforos deberán ter en conta as instrucións que se diten en cada momento.
4. Con carácter xeral, as actividades culturais realizaranse entre as 10 h e as 23 h.
5. Recomendarase o uso de máscaras para o público e dotarase cada entrada con máscaras para aqueles que non dispoñan dela. Reforzarase a sinalectica.
6. Reforzarase a limpeza.

Salas de exposicións.

- Identificáronse as seguintes actividades 'modelo':
- Visita individual a exposicións
- Visita en grupo a exposicións

- Actos públicos con aforo limitado
 - Non se realizarán actos inaugurais abertos ao público.
 - O acceso aos equipamentos farase con reserva previa por franxas horarias como criterio xeral, sempre e cando se haxa previsión de poder superar o aforo.
 - Redución dos aforos ao máximo autorizado en cada momento para o conxunto do equipamento e para as diferentes dependencias que o integren.
 - Revisión da sinalética e actualización en base aos seguintes criterios xerais:
 - Circuito pautado de visita.
 - Información de normas sanitarias para a visita, obrigatoriedade de uso de materiais de protección, distancias de seguridade, normas de uso de lavabos e espazos comúns.
 - Normas de uso de elementos e mobiliario público, como despachos de billetes, ascensores...
 - Eliminar os folletos en formato papel.
 - Diseñar un plan de formación básica do persoal dos centros en canto a medidas sanitarias, normas de visita, etc.

Artes escénicas. Teatro, danza, música, cinema, literatura, concertos en salas.

- Entradas con reserva previa e numeradas. Recoméndase conservar nun rexistro os asistentes a cada sesión para avisos en caso de identificación de casos positivos.
- Redución de aforos aos que se determinen en cada momento e mantemento da distancia física recomendada na distribución de asentos habilitados.
- Ordenación dos accesos de entrada e saída para facilitar a acomodación e desaloxo segundo a situación do público.
- Prohibición de movementos do lugar unha vez realizada a acomodación e ata a finalización do espectáculo. As sesións non poden contar con entreactos.
- Reforzo da desinfección entre representacións dos espazos escénicos e técnicos.
- Respetar un período de corentena, se é posible, de mínimo 24 horas entre compañías na utilización de espazos técnicos, vestiarios e camerinos.
- Reforzo da desinfección entre compañías dos espazos escénicos e técnicos.

Actividades na vía pública

- Evitar o efecto de convocatoria masiva. Todos os actos realizaranse con reserva previa remarcando, en toda a comunicación, que só terán acceso as persoas con reserva. Recoméndase conservar nun rexistro os asistentes a cada sesión para avisos en caso de identificación de casos positivos.
- Hai que pensar en accións dunha dimensión mediana, cun perímetro e accesos moi marcados. Diferenciando entrada e saída e definindo a circulación interior.
- O aforo terá que cumprir dúas condicións: aforo máximo permitido en cada momento e público coa situación fixada (preferentemente con asentos) respectando a distancia física.
- Os accesos teranse que realizar en zonas de colas organizadas con catenarias ou cintas de balizamento para manter a distancia física.
- Implantarase a desinfección de espazos como: back stage, espazos escénicos, WC e similares. Igualmente haberá que desinfectar o material técnico (micrófonos, mesas de son...). Todos os artistas, compañías, equipos técnicos e outros participantes, teñen que presentar o seu plan de prevención ante contaxios que inclúa a referencia na desinfección dos seus materiais.
- Reforzarase a protección de persoal técnico e artistas con elementos como luvas desbotables, duchas e lavabos no back stage, hidroxeles, etc.

Pautas sanitarias

Finalmente, debemos insistir nalgunhas das recomendacións das autoridades sanitarias e en especial nos seguintes aspectos que haberá que ter en conta no desenvolvemento de toda actividade de carácter cultural:

- Reforzarase a limpeza de todos os lavabos e WC públicos, aumentando a frecuencia e

utilizando produtos desinfectantes adecuados. Especialmente hai que garantir que sempre dispoñan de xabón, papel e solución alcohólica. No caso de actividades na vía pública, onde se adoitan usar WC químicos e dado que os aforos serán máis reducidos, haberá que reducir o número de cabinas e pensar nun procedemento que garanta a desinfección constante.

- Estableceranse procedementos de limpeza e desinfección constante de todas as superficies e elementos que se tocan con frecuencia (varandas, pomos de portas, botóns de ascensores, etc.).
- Prestarase especial atención a colectivos vulnerables (persoas maiores, persoas coas

patoloxías de detalladas polas autoridades sanitarias, embarazadas, etc.). No posible situalos nos espazos onde estean máis resgardados da circulación de público e, se se pode, ter zonas especialmente reservadas.

- No caso de actividades dirixidas a nenos haberá que pensar en estratexias específicas para forzar o respecto da distancia física e evitar os contactos físicos. Reforzar os equipos que atendan especialmente esta finalidade.
- Reforzarase especialmente a limpeza de vestiarios, cameríns, zonas onde se cambian as compañías ou os equipos que participen en actividades do ámbito tradicional e os espazos onde arromben os materiais.
- Remarcar ás compañías, equipas, artistas e técnicos que en caso de sospeita de síntomas teñen que comunicalo ao organizador. O organizador terá que ter pensados os mecanismos para que a cuestión económica non sexa un motivo para escondelo. As empresas de servizo externas terán que ter persoal formado de renden por se hai que establecer substitucións.

O documento tamén incorpora fichas de actividades 'modelo', correspondentes a cada unha das actividades, nas que se concretan as propostas de adaptación que poderían implementarse.

INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

Na XGL extraordinaria do 22 de maio, deuse conta do cronograma posible para a reapertura das instalacións deportivas municipais a realizar durante as diferentes fases de desescalada propostas polo Goberno de España como proceso progresivo de volta a nova normalidade. O informe, con carácter orientativo, poderá ser modificado ou alterado en parte ou totalmente segundo as normativas e instrucións que se poidan aprobar durante as vindeiras semanas como consecuencia dun cambio do escenario sanitario e social.

No informe aclaran que mentres dure as diferentes fases de desescalada, non se pode pretender unha reapertura de moitos espazos deportivos, senón que **unicamente aqueles que estritamente sexan necesarios e/ou demandados de forma xustificada. Este criterio entenden que é o que debe prevalecer durante o vindeiro mes de xuño.** Baixo esta premisa, estanse a elaborar uns protocolos elementais. Desde o Departamento de Deportes realizáronse unha serie de consultas a máis dunha vintena de entidades deportivas, de diferentes categorías e disciplinas, para testar as súas impresións e necesidades a curto prazo coa idea de poder formular un calendario de reapertura lóxico e dimensionado para o vindeiro mes de xuño.

Etapas de repertura

Establécense tres etapas que terían en conta aos seguintes espazos.

Etapa 1. Semana do 25 ao 31 de maio. Reapertura voluntaria dos locais de uso administrativo situados no Estadio. Reapertura de espazos multiusos do Estadio ocupados por clubs para a práctica deportivas segundo os criterios definidos para a fase 2 de desescalada (tenis de mesa).

Etapa 2. Semana do 1 ao 7 de xuño. Reapertura das pistas de atletismo do Estadio

Etapa 3. Semana do 8 ao 14 de xuño. Reapertura de ata un máximo de 4 polideportivos. Reapertura de ata un máximo de 2 campos de fútbol (incluído campo adestramento san lázaro II)

Etapa nova normalidade. Mes de xullo. Para o mes de xullo plantéxase a apertura daquelas instalacións vinculadas a programas concretos de conciliación.

OFICINAS DE TURISMO

A previsión é abrir ao funcionamento a oficina de Turismo o 15 de xuño, aínda que é un asunto que está coordinándose coa Xunta de Galicia.

Na XGL extraordinaria do 22 de maio deuse conta das datas de apertura de distintos centros, durante a fase de desescalada, que se prevé, remate, o 2 de xullo.

CENTROS SOCIOCULTURAIS

O 25 de maio está previsto que abran os seguintes centros socioculturais: Casa das Asociacións, CSC do Ensanche, CSC de Fontiñas e CSC de Vite. Progresivamente, irán abrindo os demais.

SEGURIDADE CIDADÁ

Acordouse non autorizar as solicitudes de cacharelas para a noite de San Xoán en lugares públicos.

MERCADO DE GANDO

Na XGL extraordinaria do 22 de maio acórdase a reapertura do Mercado Nacional de Gando de Santiago de Compostela, para a celebración da actividade propia do mesmo, os mércores de cada semana no seu horario habitual. No desenvolvemento da actividade respectaranse as condicións establecidas na Resolución ditada ao respecto pola Consellería de Medio Rural, e o seu anexo que se achegan á presente proposta.

MERCADO DE SALGUEIRIÑOS

Acórdase levantar a suspensión da celebración da actividade no mercado de Salgueiriños, celebrado nesta cidade os xoves en horario de mañá, a partir do vindeiro 26 de maio. Tamén se acorda autorizar a instalación dun máximo de 65 postos no espazo delimitado a tal fin. A actividade desenvolverase respectando a normativa de aplicación, especialmente na Orde SND/399/2020, de 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas despois da declaración do estado de alarma en aplicación da fase 1 do Plan para a transición cara unha nova normalidade, e aquelas outras que puideran ditarse con posterioridade á adopción deste acordo que serán comunicadas aos titulares dos postos autorizados.

Dado o avance temporal do estado de alarma, a constatación de datos de evolución positiva na loita contra a pandemia, e os propios cambios normativos no estado de alarma, e que, dende o punto de vista da saúde pública a compravenda nos mercados locais, non ofrece grandes diferenzas da existente nun supermercado ou nun comercio retalista de alimentación; plantéxase a reapertura dos mercados de Salgueiriños.

1 NORMATIVA

- Orde SND/399/2020, de 9 de maio

- Orde SND/414/2020, de 16 DE de MAIO

-Protocolo e guía de boas prácticas dirixidas á actividade comercial en establecemento físico e non sedentario;

-Resolución de 4 de maio de 2020 de la Consellería del Medio Rural;

- Orde do 23 de marzo pola que adoptan medidas de carácter obrigatorio en relación co COVID-19 en cumprimento do Acordo do Centro de Coordinación Operativa da emerxencia sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia (Cecop), do 18 de marzo de 2020, sobre a venda directa de produtos agrogandeiros nos mercados, a venda de produtos vexetais para a plantación en hortas de consumidores finais e no desprazamento de agricultores e viticultores aos efectos da realización de actividades agrarias;

2 CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS PARA A REAPERTURA DO MERCADILLO DE SALGUEIRIÑOS.

A. O espazo destinado ao mercado quedará totalmente delimitado con cinta de obra ou valla (ou equivalentes), que permitan marcar de forma clara o espazo.

B. Establecerase un acceso e unha saída (segundo o indicado na imaxe que se achega) .

Dentro do recinto existirá un único sentido de circulación entre os postos, segundo o recollido nos planos.

Na entrada, colocarse cartelería informativa coas medidas de distanciamento e hixiene que teñen que adoptarse, indicando tamén que, se unha persoa manifesta síntomas compatibles co Covid-19, deberá abandonar de inmediato o lugar e seguir as indicacións do persoal sanitario.

C. Debe cumprirse coa limitación imposta de non superar a limitación a un terzo dos postos habituais ou autorizados, limitando a afluencia de clientes de maneira que se asegure o mantemento da distancia social de dous metros.

Por iso, contéplase a instalación máxima de 65 postos, correspondéndose cós que contan con autorización administrativa. Terán preferencia de instalación os postos de produtos alimentarios ou de primeira necesidade sobre os outros postos.

A asignación de postos farase por orde de chegada ao lugar indicado.

O aforo limitarase conforme ao cálculo seguinte:

Superficie bruta	10.900,00 m ²
Superficie habitual destinada a postos	7.475,20 m ²
Superficie neta destinada a corredores	3.424,80 m ²
Ocupación (5 m ² /p)	685 persoas

En caso de picos con afluencia masiva de clientes, impedirse a entrada ao recinto e estes deberán esperar fóra, de forma organizada e gardando rigorosamente a distancia de seguridade

Dentro do recinto, respectarase o sentido único de circulación indicado.



D. Deberán sinalar de forma clara a distancia de seguridade interpersonal de dous metros entre clientes, con marcas no chan, ou mediante o uso de balizas, cartelería e sinalización.



SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO



Dentro dun mesmo posto as persoas vendedoras deberán gardar entre si unha distancia mínima de 2 metros, quedando restrinxida a actividade comercial a un único operador no caso de que as medidas do posto non fagan posible esta separación física.

As persoas vendedoras deberán manter as normas xerais de hixiene, recomendándose o pelo recolleito e/ou gorro, uñas curtas e coidadas, evitar aneis, pulseiras, reloxos de boneca, etc. Despois de cada venda, desinfectarán as mans ou luvas, no seu caso, con xel ou solución hidroalcohólica desinfectante.

Esta/-s persoa/-s irá/-n equipada con EPIs, ante a imposibilidade de garantir a distancia cós compradores e compradoras (mascarilla); debendo dispoñer de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes ou, cando isto no fora posible, auga e xabón.

Para aqueles casos nos que sexa posible a atención individualizada de máis dun cliente ao mesmo tempo, que non poderá realizarse de maneira simultánea polo mesmo traballador.

E. En canto ás persoas usuarias. A distancia mínima entre cada persoa usuaria do mercadillo será de 2 metros coas excepcións que establece para o efecto a normativa estatal. Asemade, deben cumprir có resto de normas sanitarias e de distancia social vixentes.

Procurarase que os cliente non manipulen a mercancía. A mercadoría manipulada (probada e/ou devolta) pola clientela ben quedará en corentena ou desinfectarase por parte do titular do posto.

Os postos deben poñer a disposición do público (en cada posto) dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade ou, cando isto no fora posible, auga e xabón; sempre que sexa posible que os clientes toquen os produtos.

No caso do calzado, recomendase que as probas do produto se realicen mediante calcetíns desbotables ou bolsa plástica proporcionados polo comercio.

F. Os postos que contén con zonas de autoservizo, deberá prestar o servizo un traballador do mercado ao aire libre có fin de evitar a manipulación directa dos produtos por parte dos clientes

G. Tanto na entrada, como na saída e no interior do mercadillo e en zonas ben visibles, colocaranse carteis informativos en relación aos procedementos de hixiene recomendados polas Autoridades Sanitarias así como á necesidade de cooperar no cumprimento das medidas organizativas e de hixiene adoptadas.

H. En canto á limpeza e recollida. Os refugallos xerados polo mercado deberán ser depositados en bolsas dentro dos contedores instalados para o efecto polos servizos municipais de limpeza e recollida de lixo, e, en todo caso, observaranse as determinacións que ao respecto establézanse nas ordenanzas ou bandos municipais.

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2020

Xefatura do Servizo de Bombeiros
Firmado por MANUEL SANMARTÍN
CHAO - 77402821R el día 20/05/2020
Manuel Sanmartín Chao
CAMERFIRMA FOR NATURAL
PERSONS - 2016

o Concelleiro-Delegado de Mobilidade,
Seguridade Cidadá e Festas.
Gonzalo Muíños Sánchez.

CRONOGRAMA DE REAPERTURA INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

Desde o Departamento de Deportes realizáronse unha serie de consultas a máis dunha vintena de entidades deportivas, de diferentes categorías e disciplinas, para testar as súas impresións e necesidades a curto prazo coa idea de poder formular un calendario de reapertura lóxico e dimensionado para o vindeiro mes de xuño.

A radiografía resultante nos aporta datos tales como que algunha delas teñen ao persoal técnico nun proceso de ERTE, que as cotas dos socios están paralizadas ata a recuperación da normalidade o condiciona a súa operatividade, que non existen compromisos deportivos, etc.

As conclusións en termos xerais son as seguintes:

- No que respecta a entidades de deportes colectivos, na súa maior parte todas están paradas dado que as competicións destas modalidades foron anuladas (estaría dentro deste epígrafe o fútbol, o fútbol sala, o balonmán, o voleibol, ...). Neste apartado habería que facer unha mención especial para a SD Compostela, concretamente para o seu equipo de 3ª división, o cal moi probablemente teña que xogar un playoff de ascenso a 2ª división B. Polo recollido nos medios de comunicación parece probable que esta competición se desenvolva no mes de xullo. En calquera caso, desde o Departamento de Deportes traballamos coa idea de ter operativos os campos de san lázaro para a segunda semana de xuño.
- No que respecta a entidades de deportes individuais ou aquelas prácticas que se poidan desenvolver por un máximo de dúas persoas, parece que existe a previsión e a intención de poder recuperar certa normalidade ao longo do mes de xuño (estaríamos a falar de atletismo, triatlón, patinaxe, tenis de mesa, rítmica,...).

Etapas de reapertura

Para diferenciarnos da nomenclatura estatal na que se definen fases de desescalada e considerando que a reapertura dos recintos municipais non vai coincidir cos períodos temporais inicialmente establecidos para esta fases, establécense tres etapas que terían en conta aos seguintes espazos.

- Etapa 1. Semana do 25 ao 31 de maio.*
Reapertura voluntaria dos locais de uso administrativo situados no Estadio.
Reapertura de espazos multiusos do Estadio ocupados por clubs para a práctica deportivas segundo os criterios definidos para a fase 2 de desescalada (tenis de mesa).
- Etapa 2. Semana do 1 ao 7 de xuño.*
Reapertura das pistas de atletismo do Estadio
- Etapa 3. Semana do 8 ao 14 de xuño.*
Reapertura de ata un máximo de 4 polideportivos
Reapertura de ata un máximo de 2 campos de fútbol (incluído campo adestramento san lázaro II)
- Etapa nova normalidade. Mes de xullo*
Para o mes de xullo se planteará unha a apertura daquelas instalacións vinculadas a programas concretos de conciliación.

Nota importante: non se están a considerar a práctica deportiva vinculada ao uso das piscinas municipais.

Cronograma resumo

	Etapa 1 <i>(25-31 maio)</i>	Etapa 2 <i>(1-7 xuño)</i>	Etapa 3 <i>(8-14 xuño)</i>	Nova normalidade
Locais uso administrativo <i>(Estadio Verónica Boquete de San Lázaro)</i>				
Pistas de atletismo <i>(Estadio Verónica Boquete de San Lázaro)</i>				
Polideportivos municipais <i>(ata un máximo de 4 instalacións)</i>				
Campos de fútbol municipais <i>(ata un máximo de 2 instalacións)</i>				
Totalidade dos equipamentos <i>(*segundo demanda e programación)</i>				